

LIÑAS ESTRATÉXICAS

DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA



O ano 2010 está marcado polas celebracións. O Xacobeo será unha festa da cultura que fará de Galicia espello das manifestacións máis requintadas da creación contemporánea. Unha festa para o diálogo cultural e para a ledicia.

Sumámonos á conmemoración do Ano Santo celebrando en 2010 o Ano do Libro e da Lectura, aproveitando así o eco do Xacobeo para difundir o libro e o hábito da lectura. Tamén para dar a coñecer a nosa cultura e o tesouro da lingua galega a través dun acontecemento de especial proxección internacional.

Queremos ademais que neste vindeiro ano o espírito de renovación e innovación, historicamente asociado ao Camiño, prenda no noso labor a prol da cultura. No novo paradigma da sociedade dixital non podemos deixarnos levar pola inercia, temos que repensar o noso traballo de promoción cultural. Cómpre identificar as áreas en que realmente podemos crear valor público, nas que somos máis necesarios e eficientes promovendo e difundindo a cultura.

Estas liñas estratéxicas son un primeiro exercicio de reflexión que nos levou a identificar seis áreas de traballo. Ademais das tradicionais de xestión do sistema bibliotecario e de apoio ao sector do libro, a cooperación, tanto con administracións locais como con entidades e asociacións culturais, é a área na que cumprimos con máis claridade o noso compromiso coa cultura.

A análise destas áreas de traballo levounos tamén a revelar outras nas que debemos intensificar o noso esforzo, como o eido do apoio á nova creación e ás iniciativas máis emerxentes. A información e a planificación son tamén áreas que requiren un maior desenvolvemento, xa que constitúen a garantía dunha acción pública eficaz e, en definitiva, a condición para que o noso labor se traduza nunha sociedade máis aberta, dinámica e creativa.

LIÑAS ESTRATÉXICAS

DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA

CONTIDO

1. Escenarios
2. Principios de actuación
3. Áreas de traballo
4. Obxectivos
5. Liñas estratéxicas
6. Programas da área de «Cooperación cultural»
7. Programas da área de «Bibliotecas e fomento da lectura»
8. Programas da área de «Promoción da nova creación»
9. Programas da área de «Difusión da cultura»
10. Programas da área de «Apoio ao sector cultural»
11. Programas da área de «Planificación e xestión»
12. Orzamento

ANEXO: ANO DO LIBRO E DA LECTURA 2010

- I. A oportunidade de festexar o libro
- II. Animación cultural
- III. Congresos e conmemoracións
- IV. Promoción e difusión do libro
- V. Fomento da lectura e da escrita
- VI. Xestión do libro e bibliotecas

1

ESCENARIOS

Nun ano marcado polo contexto de crise económica é necesario facer un exercicio de responsabilidade e asumir que tanto as políticas sociais como as de fomento da actividade económica orientadas á xeración de emprego teñen unha lóxica prioridade na acción pública.

Pero tamén sabemos que os investimentos en promoción e difusión da cultura non son gastos superfluos. Detrás da creación de produtos culturais está unha industria diversa que é parte importante da nosa economía, un sector en crecemento ao que debemos acompañar nestes momentos difíciles. A celebración en 2010 do Ano do Libro e da Lectura é unha manifestación do noso compromiso coa industria cultural galega e, en concreto, co sector editorial.

A cultura é ademais unha parte esencial da imaxe que proxectamos. A nosa presenza no actual mercado global depende da calidade dos nosos produtos. E a imaxe de calidade elabórase con esforzo empresarial e tecnolóxico, pero tamén se constrúe con referencias máis intanxibles. Unha boa paisaxe cultural é o fondo máis aquelado para salientar a calidade dos nosos produtos.

Persoas e futuro

A industria cultural é importante, e tamén é fundamental a contribución da cultura á nosa imaxe de calidade. Pero non son a industria nin as estratexias de comunicación o principal obxectivo do noso labor no eido da cultura; sono as persoas. Porque o futuro o constrúen as persoas, persoas nas que a cultura sexa parte importante non só da súa formación, senón da súa vida, dos seus hábitos cotiáns, das súas relacións

sociais. Persoas dinámicas, creativas, comprometidas coa conservación do seu acervo cultural e que configuren un país á súa medida.

Sociedade dixital

Estes tempos de crise son así mesmo propicios para a reflexión, para revisar a acción pública de promoción e difusión da cultura no actual escenario da sociedade dixital. O substrato cultural está cambiando, e o libro como produto cultural por excelencia non será o mesmo. Aínda que na actualidade se está a destacar o impacto dos novos soportes de lectura, os cambios máis relevantes serán os que se produzan nos circuitos comerciais e nas cadeas de valor do sector editorial. Cómpre seguir de preto estas transformacións para deseñar políticas que nos permitan afrontar con confianza o futuro e aproveitar as novas oportunidades da sociedade dixital.

2

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

2

Antes de identificar os ámbitos do traballo nos que desenvolver a actividade de promoción e difusión cultural é necesario establecer, en función do actual escenario, os principios que deben rexer a acción pública en materia cultural, e que marcarán a orientación dos obxectivos estratéxicos.

Compromiso coa cultura e a lingua galega

Hai un principio que debe rexer a nosa acción pública en materia de promoción e difusión da cultura: a defensa do noso acervo cultural e o fomento da lingua galega. Este principio básico cómpre aplicalo a todos os ámbitos de actuación e será un principio reitor de todas as liñas estratéxicas.

Cooperación e colaboración

Para que as accións de promoción e difusión recollan a diversidade cultural, é imprescindible colaborar cos axentes institucionais, sociais e económicos que teñen un contacto máis próximo coa realidade cultural. Cómpre incrementar as canles de diálogo e colaboración con administracións, institucións, asociacións e industria para garantir a eficacia da acción pública.

Apoio ao sector do libro

O apoio á industria cultural é fundamental para consolidar este sector estratéxico, e especialmente a industria editorial e o seu tecido empresarial auxiliar, que non é só necesario para garantir a produción

e difusión do libro, senón que constitúe un sector esencial para difundir a nosa lingua e a nosa cultura.

Especial atención ás novas propostas

É necesario potenciar o apoio ás iniciativas emerxentes que investigan en novos formatos, tecnoloxías e produtos, xa que son a garantía da sostibilidade da actividade cultural.

Visión integral da cultura

Cómpre esquecer a división sectorial das manifestacións culturais e centrarse na esencia das accións de promoción e difusión cultural, que hoxe se caracterizan por unha cada vez maior diversidade e transversalidade. Non obstante, hai un ámbito de xestión de carácter moi específico, o sistema bibliotecario, que require un tratamento especializado. Aínda así, estes equipamentos deben ser espazos versátiles e lugar de encontro de iniciativas culturais ou sociais caracterizadas pola diversidade.

Criterios transversais

O impulso ao uso do galego na actividade cultural e a adaptación ás novas tecnoloxías son criterios que deben aplicarse de forma transversal a toda a acción pública de promoción e difusión cultural.

3

ÁREAS DE TRABALLO

3

Os actuais escenarios nos que desenvolvemos o noso mandato de promoción e difusión cultural obrigan a facer un exercicio de reflexión sobre a acción pública de promoción e difusión da cultura.

Os principios de cooperación e colaboración, de apoio ao sector, de promover a creación e de difundir a cultura leváronnos a identificar seis áreas de traballo de carácter estratéxico a través das que desenvolver o labor de creación de valor público en materia cultural.

1. Cooperación cultural

Área clave na dinamización cultural e no equilibrio territorial e social da difusión da cultura. A acción pública a través da cooperación permite potenciar o protagonismo da promoción cultural das administracións locais ou das asociacións culturais, máis próximas ao cidadán. Tamén a colaboración con outras institucións e entidades culturais en propostas de interese xeral contribúen a facer máis eficiente o labor público de promoción e difusión da cultura. A procura da calidade das manifestacións culturais debe ser un criterio básico da política de cooperación.

2. Bibliotecas e fomento da lectura

Área na que se enmarcan as accións relacionadas coa mellora deste equipamento cultural, que presta un servizo imprescindible para promover a accesibilidade á cultura e para fomentar a lectura.

3. Promoción da nova creación

Área de apoio ao sector creativo desde unha perspectiva ampla, poñendo especial énfase na promoción de propostas emerxentes.

4. Difusión da cultura

Accións de difusión cultural de iniciativa propia orientadas a obxectivos concretos a través da organización de eventos, conmemoracións, campañas de comunicación ou premios, actividades centradas en gran medida na difusión da cultura e lingua galega. Así mesmo, inclúese nesta área a programación cultural desta Dirección Xeral.

5. Apoio ao sector cultural

Área de apoio ao sector económico da cultura, como axente estratéxico para achegar os produtos culturais aos cidadáns, e onde se sitúan as accións relacionadas co tecido empresarial relacionado co libro.

6. Planificación e xestión

Labor da mellora da organización, información, planificación e xestión interna orientado a facer máis eficiente o servizo de promoción e difusión cultural.

4

OBXECTIVOS

Para cada unha destas áreas de traballo identifícase un obxectivo estratéxico, que é o que orientará o traballo nesa área. Estes obxectivos recóllense a continuación.

1. Cooperación cultural: cooperar coas administracións institucións e afondar na colaboración co tecido asociativo promovendo o seu labor na prestación de servizos culturais.

2. Bibliotecas e fomento da lectura: incrementar a calidade e versatilidade do sistema bibliotecario e empregalo como equipamento clave para o fomento da lectura.

3. Promoción da nova creación: fomentar a participación cidadá no mundo da cultura, estimular a creatividade e garantir a sostibilidade da produción cultural.

4. Difusión da cultura: espallar a cultura na sociedade mediante a presenza nos medios de comunicación e a organización de eventos e actividades culturais propias.

5. Apoio ao sector cultural: colaborar co sector cultural como ámbito económico estratéxico para un desenvolvemento integral da sociedade.

6. Planificación e xestión: mellorar a calidade e a eficiencia do servizo público a través de iniciativas de información, planificación, xestión e desenvolvemento normativo.

5

LIÑAS ESTRATÉXICAS

5

Cada unha destas áreas, co seu obxectivo e os programas de actuación ao redor dos que se articulan as diferentes actividades, constitúe unha liña estratéxica. Polo tanto, o marco de actuación en materia de promoción e difusión da cultura ten seis liñas estratéxicas, que constan dun total de 13 programas de actuación.

Programas de actuación

Nos seguintes puntos cítanse os programas de actuación de cada unha das áreas de traballo.

Cooperación cultural: «Programa de cooperación con entidades públicas e concellos» e «Programa de colaboración con entidades privadas e asociacións culturais».

Bibliotecas e fomento da lectura: «Programa de mellora da infraestrutura bibliotecaria» e «Programa de animación a lectura».

Promoción da nova creación: «Programa de promoción da banda deseñada» e «Programa de axudas á creación».

Difusión da cultura: «Programa de actividades da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010», «Programa de difusión da cultura galega» e «Programa cultural da Dirección Xeral».

Apoio ao sector cultural: «Programa de apoio ao sector do libro» e «Programa de promoción da produción cultural».

Planificación e xestión: «Programa de mellora da xestión da promoción e difusión cultural» e «Programa de desenvolvemento do marco legal en materia de libro e bibliotecas».



PROGRAMAS DA ÁREA DE «COOPERACIÓN CULTURAL»



Esta área é fundamental no labor de promoción e difusión cultural, xa que é a cooperación o principal instrumento de dinamización, que se basea na capacidade da sociedade para xerar cultura. Consta de dous programas de cooperación que se diferencian polo destinatario, un de carácter público e outro privado.

Programa de cooperación con entidades públicas e concellos

Inclúese neste programa a colaboración cos concellos, unha acción fundamental para garantir que a administración máis próxima aos cidadáns teña capacidade para dinamizar a cultura local. Dentro desta acción de cooperación, que se leva a cabo a través de orde de subvención e convenios puntuais, hai dúas modalidades, unha orientada á mellora do equipamento e locais culturais, e outra dirixida á realización de actividades culturais.

Así mesmo, dentro deste programa de cooperación inclúese a colaboración cos concellos para actuacións de artes escénicas e musicais de grupos tanto profesionais como afeccionados, acción que forma parte do que tradicionalmente se vén denominando «Circuitos culturais».

Programa de colaboración con entidades privadas e asociacións culturais

Unha das accións deste programa está dirixida a asociacións e fundacións de interese cultural e lévase a cabo a través de convenios e orde de subvencións. Como no caso dos concellos, establécense dúas

modalidades: unha para equipamentos e mellora de locais e outra para actividades culturais.

Este programa comprende igualmente as axudas á promoción da lectura e á creación de clubs de lectura, axudas que se establecen mediante orde de subvencións.

Tamén se inclúe aquí a programación en colaboración con distintas federacións galegas como a Federación de Bandas, a Federación Coral Galega ou a Federación de teatro afeccionado, acción inserida dentro dos chamados «Circuitos culturais».



PROGRAMAS DA ÁREA DE «BIBLIOTECAS E FOMENTO DA LECTURA»

Nesta área de traballo recóllense as accións encamiñadas a desenvolver o noso mandato de promover as bibliotecas como equipamento básico para o acceso igualitario á cultura para toda a cidadanía a través da lectura. Deste xeito, enmárcanse nesta área os programas propios de fomento da lectura, actividade tamén que se realiza a través da colaboración con asociacións dentro da área de «Cooperación cultural». Esta área comprende o «Programa de mellora da infraestrutura bibliotecaria» e o «Programa de animación á lectura».

Programa de mellora da infraestrutura bibliotecaria

Inclúense neste programa as actuacións de mellora do equipamento, dotación e servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia e a apertura ao público da Biblioteca de Galicia.

Dentro das actividades de mellora da Rede de Bibliotecas recóllese un apartado para construción e equipamento realizada con fondos propios para bibliotecas municipais e mediante convenio co Ministerio de Cultura para bibliotecas nodais.

Outra importante acción deste programa é a dotación de fondos para bibliotecas municipais, realizada tamén tanto con fondos propios como con achegas do Ministerio de Cultura. Por último, este programa inclúe bolsas para bibliotecas e un programa de adquisición de equipamento informático para as bibliotecas municipais.

Dentro da mellora da infraestrutura bibliotecaria, o ano 2010 será unha data especial pola apertura ao público da Biblioteca de Galicia,

coincidindo coa celebración do Ano do Libro e da Lectura e o Xacobeo. Situada na Cidade da Cultura, será a cabeceira e centro de servizos á Rede de Bibliotecas, e cumprirá as funcións de difusión, conservación e preservación do patrimonio bibliográfico de Galicia.

Programa de animación á lectura

Este programa inclúe actividades de fomento da lectura, que se intensificarán con motivo da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010, e que se detallan no anexo específico deste documento. Dentro dos programas de animación á lectura pódese destacar o proxecto de creación dunha sección do libro galego na Biblioteca Julio Cortázar, un fondo específico de libros galegos para a comunidade galega de lectores de Bos Aires.

8

PROGRAMAS DA ÁREA DE «PROMOCIÓN DA NOVA CREAMIÓN»

8

As actividades desta área de traballo orientanse cara á nova creación, o fomento da creatividade e o apoio ás novas propostas. Estas accións son fundamentais non só para fomentar o labor dos novos creadores, senón tamén para inserir a acción pública dentro das correntes contemporáneas e abrir un espazo de apoio á innovación e a experimentación.

As actividades que se realizarán dentro do ámbito da «Promoción da nova creación», chamadas a ter un maior desenvolvemento no futuro, organízanse en dous programas: un centrado no mundo da banda deseñada e outro cun carácter máis xeral.

Programa de promoción da banda deseñada

Este programa inclúe accións de difusión das coleccións de cómic nas bibliotecas galegas e a organización de actividades ao redor do cómic. Tamén se establecen bolsas de banda deseñada e unha liña de axudas para o estudo, investigación e promoción dos autores galegos.

Programa de axudas á creación

Dentro deste programa establécense axudas a artistas e galeristas co obxecto de promover a nova creación. A este respecto desenvolverase un proxecto especial, «Novos espazos, novos valores», destinado a incrementar os espazos expositivos.

No marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010, e dentro do ámbito literario, realizaranse talleres de creación literaria dirixidos por escritores galegos.

Tamén se desenvolverá o proxecto «Casa dos Tradutores», un espazo para o diálogo e a consolidación deste ámbito literario clave para o futuro da literatura e a lectura en galego.



PROGRAMAS DA ÁREA DE «DIFUSIÓN DA CULTURA»



Neste marco estratéxico o labor de difusión da cultura lévase a cabo principalmente a través da cooperación e colaboración con concellos e outras institucións ou asociacións. Nesta área inclúense tanto actividades de difusión cultural de iniciativa propia como eventos e celebracións especiais enfocados cara á difusión da cultura galega.

Dentro desta actividade destaca o próximo ano a celebración do Ano do Libro e da Lectura. Ademais, desenvólvese nesta área o «Programa de difusión da cultura galega» e o programa cultural propio da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

Programa de actividades da celebración do Ano do Libro e da Lectura 2010

No anexo específico deste documento recóllese polo miúdo o programa de actividades desta celebración, aínda aberta a novas iniciativas. Estas actividades organízanse en cinco apartados: «Animación cultural», «Congresos e conmemoracións», «Promoción e difusión do libro», «Fomento da lectura e da escrita» e «Xestión do libro e bibliotecas».

Programa de difusión da cultura galega

As accións de difusión da cultura galega xa se veñen realizando, aínda que neste ano 2010 terán unha maior dimensión. Pódese salientar a celebración de datas conmemorativas relacionadas co libro e a lectura. Ademais das máis coñecidas, como o «Día Internacional do Libro» e o «Día das Letras Galegas», tamén se promoverán celebracións no «Día

de Rosalía», e nos días internacionais da Poesía, do Teatro, da Tradución e do Libro Infantil e Xuvenil.

Dentro deste programa tamén se inclúe a revitalización dos Premios da Cultura Galega, para os que se establecerán cinco categorías: «Letras», «Artes plásticas», «Artes escénicas», «Patrimonio cultural» e «Promoción e difusión da cultura».

Programa cultural da Dirección Xeral

O programa cultural ten no ano 2010 unha dimensión especial cos actos organizados polo Xacobeo. Ademais, no labor de difusión cultural destaca a programación do Centro Galego de Arte Contemporánea, que depende organicamente da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura. Esta actividade de difusión complementábase coas exposicións da Casa da Parra.

10

PROGRAMAS DA ÁREA DE «APOIO AO SECTOR CULTURAL»

10.

Nesta área de traballo recóllense as actividades de apoio ao tecido empresarial do sector cultural, un espazo económico que consideramos fundamental para o noso desenvolvemento equilibrado. Este tipo de apoio ás empresas require un tratamento diferente ao das actividades da área de cooperación cultural, un marco de xestión moi especializado que hoxe desenvolve a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Como xa se recolleu nos principios de actuación, o sector do libro é fundamental non só pola súa importancia económica, senón pola súa transcendencia para a difusión da nosa cultura e a nosa lingua. O apoio ao tecido empresarial relacionado co libro lévase a cabo dentro desta área de traballo a través de dous programas.

Programa de apoio ao sector do libro

Neste programa concéntranse as axudas á edición e á comercialización do libro. Dentro das axudas á edición pódense salientar as de adquisición de novidades, á tradución mediante orde de subvencións, a grandes proxectos editoriais, tamén mediante orde de subvencións, e axudas a publicacións galegas de cómic. As destinadas á comercialización céntranse no apoio ás feiras do libro de Galicia.

Programa de promoción da produción cultural

Este programa recolle as actividades de promoción da produción cultural galega, e especialmente a relacionada co libro. Estas accións consisten no apoio á presenza do libro en feiras internacionais, e que en 2010 se verá potenciado con motivo da celebración do Ano do Libro e da Lectura.

Entre as accións deste programa pódese salientar o apoio á difusión do cómic galego no exterior e, en concreto, á presenza en feiras internacionais especializadas como as de Angoulême, Bruxelas, Navarra ou Barcelona. En canto á promoción do libro galego no exterior, apoiarase a presenza en importantes feiras internacionais como as de Boloña, Bos Aires, Liber en Madrid, Frankfurt e Guadalaxara.

11

PROGRAMAS DA ÁREA DE «PLANIFICACIÓN E XESTIÓN»

Nesta área recóllense actuacións destinadas a mellorar a xestión pública en materia de promoción e difusión cultural. Conta con dous programas: un de mellora da xestión e outro de desenvolvemento do marco legal.

Programa de mellora da xestión da promoción e difusión cultural

Este programa engloba dúas accións. Unha é a creación dun observatorio galego do libro e a lectura, un instrumento fundamental para orientar as políticas públicas nestas materias. Outra das accións deste programa será a mellora da xestión da edición institucional da Xunta de Galicia.

Programa de desenvolvemento do marco legal en materia de libro e bibliotecas

Potenciarase o desenvolvemento da Lei do Libro, actividade xa iniciada coa creación do Rexistro de Librerías, e traballarase na posta en marcha da Cámara do Libro de Galicia. Tamén se avanzará na preparación da nova Lei de bibliotecas e elaboraranse o Mapa do sistema bibliotecario galego e o Plan de bibliotecas.

12

ORZAMENTO

12

Para o ano 2010 o orzamento global da Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural ascende a 16.937.177 €, que se reparten, por ámbitos temáticos, nos seguintes apartados:

- Política de asentamento da industria do libro: 1.980.000 €
- Ano do Libro e da Lectura: 2.850.000 €
- Bibliotecas: 5.154.677 €
- Cómic e banda deseñada: 600.000 €
- Circuitos culturais: 1.250.000 €
- Artes plásticas: 405.000 €
- Premios da Cultura Galega: 150.000 €
- Colaboracións con asociacións e fundacións: 1.465.500 €
- Colaboración con concellos: 3.082.000 €

ANEXO

2010
Ano do Livro e
da Lectura



A OPORTUNIDADE DE FESTEXAR O LIBRO

O libro está considerado como o produto cultural por excelencia, ao ser vehículo transmisor da cultura dun pobo e un dos medios de comunicación máis antigos. A nosa cultura conta, pois, coa palabra escrita como elemento básico de comunicación e adquisición e difusión da información e o coñecemento, sen obviar, por outra banda, a vertente económica do sector do libro na nosa comunidade. En consecuencia co valor estratéxico do libro para a construción dunha sociedade máis culta e cohesionada, o Goberno galego decidiu en xullo de 2009 declarar o próximo ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura de Galicia, e invitar a todos os galegos a participar nos distintos actos que se realicen na promoción do libro e da lectura.

Faise coincidir esta celebración co Ano Santo Xacobeo co obxecto de propiciar unha simbiose que contribúa a crear lazos de unión e complementariedade entre estes dous especiais acontecementos para a nosa cultura. Sitúase así o libro, a nosa cultura e a nosa lingua no marco dunha celebración de enorme proxección exterior como é o Ano Santo.

O vindeiro ano constitúese, pois, como unha excelente oportunidade para homenaxear o libro considerándoo baixo unha unha perspectiva ampla: desde as persoas e profesionais implicados na súa creación ata os que o comercializan ou contribúen a promovelos e difundilos, sen esquecer o significado especial dos propios lectores e dos que o serán no futuro, destinatarios últimos todos eles dun longo e coidado proceso de elaboración.

A programación

Durante os últimos anos en Galicia leváronse a cabo diversas iniciativas a favor do libro e da lectura, con actuacións encadradas no fomento do hábito lector nos centros de ensino e nas bibliotecas, co apoio a feiras do libro en todo o territorio galego, coa realización de exposicións, obradoiros etc. No vindeiro ano, ademais de potenciar todas estas accións, deseñouse unha programación completa e variada, concibida para conseguir unha maior visibilidade do libro co fin de que, deste xeito, se poida achegar a toda a cidadanía: a nenos e a adultos, a profesionais do libro, e a lectores e a non lectores, con independencia da súa idade, a súa formación ou o seu lugar de residencia.

Cun orzamento de 2.850.000 €, o Ano do Libro e da Lectura de Galicia tamén busca aproveitar esta excelente oportunidade para contribuír á difusión do libro galego no exterior, sabedores da grande importancia que ten promover os libros e, por extensión, a cultura de Galicia máis alá das nosas fronteiras.



ACCIONES DE ANIMACIÓN CULTURAL

Inicio e peche do Ano do Libro e da lectura

Levaranse a cabo dúas actividades senlleiras que sirvan para contribuír a delimitar e a darlles visibilidade tanto ao inicio como ao peche do Ano do Libro e da Lectura.

En concreto, en xaneiro de 2010 está programada a realización dunha presentación itinerante do Ano do Libro e unha campaña de animación á lectura chamada «Libros sobre Rodas». Nesta actividade, un autobús equipado para labores de difusión cultural percorrerá as catro provincias galegas cun grupo de animadores que agasallará os viandantes cun libro sobre a historia universal e galega do libro.

Por outra banda, a «Noite dos Libros» está concibida como unha acción de animación cultural que se celebrará en diversos puntos de Galicia co fin de concluír o Ano do Libro e da Lectura.


«Camiños de amor e lúa»

Conscientes da importancia de vincular o libro e a lectura coa celebración do Xacobeo 2010, este proxecto de divulgación da palabra escrita desenvolverase durante os meses de maio e xuño. Consistirá en trinta espectáculos de poesía e música que achegarán a voz dos autores e autoras a trinta concellos polos que transcorren os nove Camiños que levan a Santiago.

Exposicións

A maior parte das exposicións que se realizarán durante o Ano do Libro e da Lectura están relacionadas con congresos e coas homenaxes do vindeiro ano a Torrente Ballester, Luís Seoane, Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra.

Pero tamén haberá outras de carácter máis específico, como «Libros de literatura contra a guerra», en colaboración co Foro Mundial da Educación, ou «A palabra convertida en arte», exposición e obradoiro sobre a escrita medieval. Así mesmo, pódense salientar diversas exposicións itinerantes sobre o libro galego.



CONGRESOS E CONMEMORACIÓN



Encontros e congresos

O Ano 2010 será un espazo aberto para o sector do libro, unha oportunidade para o encontro, o estudo e o debate dos temas relacionados coa edición e a creación. Entre as diversas xornadas e congresos que está previsto celebrar, pódese salientar o «I Encontro Internacional sobre Literatura de Viaxes» en Santiago de Compostela, que, coincidindo co Xacobeo 2010, reunirá a persoas relacionadas co libro como editores, autores, críticos ou libreiros.

Celebrarase tamén a «I Semana Auria de Novela Histórica», un conxunto de conferencias, mesas redondas e espectáculos, entre outras actividades, nas que se debaterá sobre as actuais tendencias literarias.

Tamén se pode salientar que o «Congreso Internacional do Libro Infantil e Xuvenil» do IBBY (International Board on Books for Young People) recibirá apoio para a súa celebración en Santiago de Compostela.

Centenarios e outras homenaxes

No ano 2010 cumprírase o centenario do nacemento de dous grandes persoeiros galegos: Gonzalo Torrente Ballester e Luís Seoane, fundamentais para a literatura, a cultura e a arte galegas. Están programados actos de conmemoración destes centenarios en colaboración coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester, o Concello de Ferrol, a Fundación Luís Seoane e o Museo de Pontevedra. A celebración destes centenarios acompañarase de exposicións e publicacións especiais.

Por outra banda, celebrarase os 125 anos do pasamento de Rosalía de Castro. Entre os actos de homenaxe están previstos concertos poéticos e musicais ao redor da figura de Rosalía e intervencións artísticas en fachadas en Padrón. Por outra banda, a Real Academia Galega dedicarlle o próximo ano a Uxío Novoneyra, figura esencial para a poesía galega da segunda metade do século xx. Como homenaxe realizaranse concertos con poemas musicados, un documental para televisión, unha edición especial de banda deseñada sobre o poeta do Courel e un congreso sobre a súa figura.

Conmemoracións relacionadas co libro e coa lectura

Durante o próximo ano aproveitarase para reforzar e potenciar as datas en que se celebran diversas conmemoracións relacionadas co libro e a lectura. Ademais das máis coñecidas e celebradas, como o Día Internacional do Libro (23 de abril) e o Día das Letras Galegas (17 de maio), tamén se promoverán celebracións no Día de Rosalía (24 de febreiro), o Día Internacional da Poesía (21 de marzo), o Día Internacional do Teatro (27 de marzo), o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril) e o Día Internacional da Tradución (30 de setembro). Pódese destacar que no Día Internacional da Poesía haberá unha celebración especial cun festival de música medieval e publicarase un libro con composicións do trobador Airas Nunez.



PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO LIBRO



Presenza en feiras do libro

O próximo ano está previsto potenciar as feiras do libro de Galicia, co fin de facelas máis atractivas e participativas para a cidadanía. A partir de 2010 iniciarase unha programación especial na cidade de Lugo, «A Festa das Letras», que irá cambiando de localidade cada ano. Así mesmo, cada unha das feiras contará cunha caseta conmemorativa do Ano do Libro e da Lectura.

Por outra banda, e co obxectivo de contribuír ao seu coñecemento no exterior, o libro galego estará presente, unha vez máis, nas feiras do libro internacionais máis destacadas: Boloña, Bos Aires, Madrid, Frankfurt e Guadalaxara. Ademais, tamén se propiciará a presenza de escritores propostos polos representantes do sector editorial. Trátase de achegar, a través do libro, a historia, a literatura e, en definitiva, a cultura de Galicia a distintos lugares de España, Europa e América.

Tamén a banda deseñada galega contará co seu espazo en feiras e salóns dedicados ao cómic, como Angoulême, Bruxelas, Navarra ou Barcelona.

Presenza do libro nos medios de comunicación

O ano 2010 aproveitarase para promover a presenza do libro e da lectura nos distintos medios de comunicación. Na Televisión de Galicia proxectarase un microespazo titulado “Palabra de autor, palabra de

autora”, integrado no diario informativo de maior audiencia, que contribuirá a darlles visibilidade ao libro e aos escritores nun medio fundamental como a televisión. Por outro lado, e baixo este mesmo título, emitiranse na radio entrevistas diarias con autores e fomentarse a colaboración con seccións que traten o libro e a lectura en Galicia nos medios de comunicación escritos.



FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITA



Promoción e difusión do libro e da lectura

Durante o próximo ano levaranse a cabo campañas para a promoción da lectura en distintos medios e dirixidas a diferentes colectivos, desenvolverase o programa «Cruzando Libros», que se levará a cabo en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, e que xorde co propósito de crear puntos de encontro ao redor do libro en centros de información ás mulleres.

Así mesmo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverase o programa «Bocaberta», conxunto de actividades de promoción do uso do galego por toda Galicia deseñadas coas nosas principais editoriais.

Tamén se pode salienta unha experiencia piloto de animación á lectura infantil baseada na combinación de textos e audio.

Fomento da escrita

Dentro das actividades da área de apoio á nova creación poranse en marcha talleres abertos de creación literaria dirixidos por escritores galegos. No ámbito escolar desenvolverase unha iniciativa singular de fomento da escrita que se traducirá nunha biblioteca de contos creados por escolares, que se editarán e conservarán nunha biblioteca específica. Así mesmo, iniciarase o proxecto «Casa dos Tradutores», un lugar de encontro para os que se dedican ao labor da tradución.

Biblioteca galega de Bos Aires

Coincidindo coa Feira Internacional do Libro de Bos Aires, abrirase unha sección do libro galego na Biblioteca Julio Cortázar, que se inaugurará cunha exposición sobre este escritor arxentino. Esta biblioteca galega de Bos Aires será un servizo de lectura e difusión da cultura de Galicia entre a comunidade de galegos alí residente.



XESTIÓN DO LIBRO E BIBLIOTECAS



Desenvolvemento da Lei do libro e da lectura de Galicia

Unha das actuacións fundamentais que se realizará no ano 2010 é o desenvolvemento da Lei do libro e da lectura de Galicia, xa iniciado coa creación do Rexistro de Librerías. Entre outras accións, reforzaranse as canles de participación e crearase a Cámara do Libro de Galicia. Tamén se porá en funcionamento un observatorio galego do libro e da lectura.

Igualmente, avanza na nova lei de bibliotecas mediante a elaboración do Mapa do Sistema Bibliotecario de Galicia e o Plan de bibliotecas.

Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura

Co fin de reforzar a infraestrutura bibliotecaria de Galicia, un dos obxectivos para o próximo ano 2010 é abrir ao público a Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura. Resulta así especialmente simbólico que o primeiro equipamento da Cidade da Cultura dispoñible para o conxunto da cidadanía galega estea precisamente ao servizo da divulgación e a promoción do libro, a historia, a cultura e a lingua galegas. A Biblioteca de Galicia constituirase como cabeceira e centro de servizos á Rede de Bibliotecas.

EDITA

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo,
Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

D.P.